

**ACTA**

<b>Expediente nº:</b>	<b>Órgano Colexiado:</b>
JGL/2022/28	A Xunta de Goberno Local

<b>DATOS DE CELEBRACIÓN DA SESIÓN</b>	
<b>Tipo Convocatoria</b>	Ordinaria
<b>Data</b>	06 de outubro de 2022
<b>Duración</b>	Dende as 13:39 ata as 14:01 horas
<b>Lugar</b>	Sala de Reunións
<b>Presidida por</b>	Manuel Cuiña Fernández
<b>Secretaria</b>	Lucía Artime Alonso
<b>Interventor</b>	Leopoldo Moure Dopico

<b>ASISTENCIA A SESIÓN</b>	
<b>Nome e Apelidos</b>	<b>Asiste</b>
Angela Troitiño Gil	SÍ
Antonio Ferro Losada	SÍ
Jesús Taboada Lázara	SÍ
Mónica González Conde	SÍ

Unha vez verificada pola Secretaria a válida constitución do órgano, o Presidente abre sesión, procedendo a deliberación sobre os asuntos incluídos na Orden do Día

**A) PARTE RESOLUTIVA**

<b>Aprobación da acta da sesión anterior: 22.09.2022</b>	
<b>Favorable</b>	<b>Tipo de votación:</b> Unanimidade/Asentimento
A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda prestar aprobación á seguinte Acta: - 22 de	

setembro de 2022.

**Expediente 1472/2022. Prestacións Económicas de Servizos Sociais - Solicitud de Axuda de Emerxencia Social**

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

Visto o informe da educadora social con data 03 de outubro, respecto da situación de vulnerabilidade social e económica dunha familia ucraína residente no noso concello valórase a necesidade de prestar apoio económico para axudar a facer fronte ós gastos eléctricos da vivenda.

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas polo Alcalde na resolución do 20 de xuño de 2019, e visto o disposto na Ordenanza Reguladora da presente axuda, ACORDA:

Primeiro.- Conceder en concepto de axuda de emerxencia social a axuda consistente no pago dunha factura da luz da vivenda na que reside a persoa interesada en réxime precario.

Segundo.- Aprobar o pago delegado a Dona M.T.R.I., propietaria do inmovible que fixo fronte ó pago da factura número F2022039624 por importe de 78,59 € con cargo á aplicación presupostaria correspondente.

Terceiro.- Comunicar á persoa interesada a concesión da axuda.

Cuarto.- Dar conta do presente acordo ao departamento de intervención para que efectúe os pagos da axuda concedida.

**Expediente 1417/2022. Prestacións Económicas de Servizos Sociais - Solicitud de Axuda de Emerxencia Social**

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

Visto o informe da educadora social, con data 22 de setembro de 2022, no que se indica a necesidade dunha familia silledense con vulnerabilidade social, de cambio de lentes dun menor.

Vistas as Bases das Axudas de Emerxencia Social para este ano 2022.

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas polo Alcalde na resolución do 20 de xuño de 2019, e visto o disposto na Ordenanza Reguladora da presente axuda, ACORDA:

Primeiro.- Conceder en concepto de axuda de emerxencia social a axuda consistente no pago de lentes ópticas a G.A.

Segundo.- Aprobar a factura 20110821 por importe de 84,00 € con cargo á aplicación presupostaria correspondente.

Terceiro.- Realizar o pagamento a través do pago delegado a OPTICALIA-Ramón Otero Silva.

Cuarto.- Comunicar ás persoas interesadas a concesión da axuda.

Quinto.- Dar conta do presente acordo ao departamento de intervención para que efectúe os pagos da axuda concedida.

**Expediente 383/2022. Procedemento Xenérico - CONVENIO DECOLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE SILLEDA E A ASOCIACIÓN SOLIDARIEDADE GALEGA CO POBO SAHARAUI**

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

Visto que o Concello de Silleda vén colaborando coa Asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharaui respecto dos menores que viven nos campos de refuxiados saharauis, ben a través do Programa Vacacións en Paz (anulado nos dous últimos anos por mor da pandemia) como outros programas de axuda humanitaria.

Visto que SOGAPS proxecta retomar o Programa Vacacións en Paz neste ano 2022, a través da oferta dunha alternativa vacacional para os e as menores que viven nos campos de refuxiados saharauis.

Vista a solicitude de colaboración, con data 09.03.2022.

Vista a Lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Visto o informe favorable de fiscalización por parte do órgano interventor, con data 29.03.2022.

Visto o informe da educadora social, con data 31.03.2022.

Visto que existe crédito para a atención do gasto derivado da execución deste Programa.

Visto o texto do convenio regulador para a colaboración entre as dúas entidades proposto para o ano 2022.

Visto o escrito presentado con data 26.09.2022 por Maite Isla Aviión, en calidade de Presidenta de SOGAPS, no que renuncia ao financiamento estipulado no Convenio por non cumprimento da finalidade do mesmo.

Visto o informe da educadora social con data 03.10.2022, no que se dá conta de que ningunha familia silledense acolleu menores saharauis neste verán a través do Programa de SOGAPS 'Vacacións en Paz', polo que reitera o incumplimento do obxectivo xeral do Convenio asinado.

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas polo Alcalde na resolución do 20 de xuño de 2019, ACORDA:

PRIMEIRO.- Aceptar o escrito de renuncia presentado por SOGAPS.

SEGUNDO.- Dar conta ao Departamento de intervención do acordo adoptado.

**Expediente 1438/2017. .PROCEDIMIENTO ADMINISTRATIVO COMÚN (URBANISMO) - DEVOLUCIÓN DE AVAL**

**Favorable**

**Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento**

En data 2 de xuño de 2021 con rexistro de entrada 2021-E-RE-489 preséntase escrito de solicitude de devolución da garantía definitiva constituída por ENDENOR, CONSTRUCCIONES, MANTENIMIENTO Y SERVICIOS, SL con C.I.F. B36563823 para responder do contrato de OBRAS denominado "Adecuación da escola unitaria de Cira" para espazos comerciais no medio rural.

Visto que na cláusula 22 do Prego de cláusulas administrativas que rexeu a presente contratación estableceuse un prazo de garantía de 2 anos dende a acta de recepción da obra e que na oferta presentada polo adxudicatario no proceso de licitación mellora o mesmo no prazo dun ano.

Visto que en data 29 de maio de 2017 o director da obra certifica que a recepción das obras tivo lugar o día 29 de maio de 2017, o prazo de garantía finalizou o día 29 de maio de 2020.

Considerando que de conformidade co establecido no art. 102.1 do Real Decreto Lexislativo 3/2011 do 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do sector público, a garantía non será devolta ou cancelada ata que se producise o vencemento do prazo de garantía e cumprido satisfactoriamente o contrato de que se trate, ou ata que se declare a resolución deste sen culpa do contratista;

Visto que segundo o informe do técnico municipal Lino M. Doporto Framil e director da obra de data 21 de decembro de 2021 procede a devolución da garantía.

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas polo Alcalde na resolución do 20 de xuño de 2019, ACORDA:

Primeiro.- Aprobar a devolución do Aval nº: 010000020853 de SOGARPO constituído por ENDENOR, CONSTRUCCIONES, MANTENIMIENTO Y SERVICIOS, SL en data 3 de agosto de 2016 por importe de 6.198,30 euros, en garantía do correcto cumprimento do contrato de "Adecuación da escola unitaria de Cira" para espazos comerciais no medio rural.

Segundo.- Notificar ao interesado o presente acordo.

**Expediente 2051/2021. Contratación do servizo de subministro de pellets e mantemento das instalacións térmicas localizadas nas dependencias pertencentes ó Concello de Silleda.**

**Favorable**

**Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento**

Vista memoria elaborada polo técnico municipal Lino M. Doporto Framil, en data 10/12/2021 na que se xustifica a necesidade da contratación do servizo de subministro de pellets e mantemento das

instalacións térmicas localizadas nas dependencias pertencentes ó Concello de Silleda: Centro Social de Maiores de Bandeira, Centro Social de Maiores de Silleda, Casa do Concello, Escola de Música e Casa de Cultura, na que se establecía:

- mantemento das caldeiras municipais en 2.000€/anuais

- Prezo Unitario Máximo (I.V.E. non incluído): Pellet a granel cisterna: 0,0539€/kWh e pallet de pellet 0,0585€/kWh

Obtendo deste xeito un valor estimado, para un contrato cunha duración total, incluídas as prórrogas, de tres anos, de 46.096,50 euros.: valor estimado destinado á contratación do subministro de pellets ascende a un total de 40.096,50 euros, e o valor estimado destinado ó mantemento integral das caldeiras ascende a un total de 6.000,00 euros.

Vista a proposta para a XGL de data 10 de decembro de 2021, na que su propoñía a Xunta de goberno local:

*“Primeiro.- Que se inicie o procedemento de adxudicación do contrato mixto de subministro e servizo denominado “contrato de subministro de pellets e mantemento das instalacións térmicas localizadas nas dependencias pertencentes ó Concello de Silleda” por importe de 18.592,26 euros (servizo: 2.000 euros/ano mais 420 euros/ano de IVE; subministro: 13.365,50 euros mais 2.806,76 euros de IVE), polo procedemento aberto e tramitación anticipada do gasto, por un período dun ano, prorrogable por dous anos mais, por períodos anuais.*

*Segundo.- Que se redacten os correspondentes pregos de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas que rexerán o contrato e o proceso de adxudicación.*

*Terceiro.- Que por parte da Secretaría municipal se proceda a emitir informe xurídico preceptivo na aprobación aos pregos de cláusulas administrativas particulares, de conformidade co artigo 122.7 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, así como ao expediente de contratación de conformidade co disposto na DA3ª da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.*

*Cuarto.- Que por parte da Intervención deste Concello se proceda á fiscalización do contido de ditos Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares, aos efectos previstos no apartado 3 da Disposición Adicional Terceira da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.”*

Visto o incremento de prezos que sufriron os pellets desde o outono pasado.

Vista a nova memoria elaborada polo técnico municipal Lino M. Doporto Framil en data 03 de outubro de 2022 onde se indica que o valor estimado do contrato, valor estimado destinado á contratación do subministro de pellets 99.523,14€ mais valor estimado destinado ao mantemento integral das caldeiras 6.150,00€, ascende a 105.673,11 euros.

Visto que o valor estimado do contrato ascende a 105.673,11 euros, podéndose acudir ao procedemento aberto simplificado.

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das competencias delegadas polo Alcalde na resolución do 20 de xuño de 2019, ACORDA:

Primeiro.- Que se inicie de novo o procedemento de adxudicación do contrato mixto de subministro e servizo denominado “contrato de subministro de pellets e mantemento das instalacións térmicas localizadas nas dependencias pertencentes ó Concello de Silleda” por importe de 33.174,38€ mais 1.658,72 € de IVE para o subministro de pellets e 2.050,00€ mais 430,50€ de IVE para o mantemento das caldeiras, polo procedemento aberto e tramitación anticipada do gasto, por un período dun ano, prorrogable por dous anos mais, por períodos anuais.

Segundo.- Que se redacten os correspondentes pregos de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas que rexerán o contrato e o proceso de adxudicación.

Terceiro.- Que por parte da Secretaría municipal se proceda a emitir informe xurídico preceptivo na aprobación aos pregos de cláusulas administrativas particulares, de conformidade co artigo 122.7 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, así como ao expediente de contratación de conformidade co disposto na DA3ª da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

Cuarto.- Que por parte da Intervención deste Concello se proceda á fiscalización do contido de ditos Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares, aos efectos previstos no apartado 3 da Disposición Adicional Terceira da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

#### **Expediente 884/2021. Solicitud de Licenza ou Autorización Urbanística.**

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

#### **Inclusión por urxencia Expediente 884/2021**

Toma a palabra o Sr. Presidente, para explicar a urxencia da proposición incluída na orde do día da presente Xunta de Goberno Local.

De conformidade co disposto no artigo 91.4 do RD 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, sométese a votación a urxencia da inclusión na orde do día do presente asunto co seguinte resultado:

Votos a favor: unanimidade

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos membros presentes, ACORDA prestar aprobación a inclusión da presente proposición na orde do día da Xunta de Goberno de data 06 de outubro de 2022.

#### **Expediente 884/2021. Solicitud de Licenza ou Autorización Urbanística.**

Vista da solicitude presentada por Ana Mª Rodríguez González en representación de SILLEDA JARDÍN CONSTRUCCIONES 2005 SL, con R.E. 2021-E- RE-433 de 10 de maio de 2021, de solicitude de licenza de obra maior para a execución da obra: Ampliación de vivenda unifamiliar tradicional mediante cobertizo adosado á vivenda (proxecto básico e de execución) no Lugar do

Marco s/n, Siador, Silleda, parcela con referencia catastral 36052N501053240000IU.

Visto o informe emitido polo Arquitecto Municipal en data 30 de setembro de 2022 que sinala: *“INFORMA FAVORABLEMENTE a solicitude de concesión da licenza de Ampliación de vivenda unifamiliar tradicional mediante cobertizo adosado a vivenda unifamiliar solicitada, dende o punto de vista técnico, e propónse para a concesión de licenza municipal de obra, con arreglo ás limitacións que se establecen neste informe técnico e nos informes sectoriais sinalados nos puntos 31 deste informe e que constan no expediente 884/2021.*

*Faise constar que o artigo 91 “Adaptación ao ambiente e protección da paisaxe” da LSG, establece o seguinte:*

- c) A tipoloxía das construcións e os materiais e as cores empregados deberán favorecer a integración no contorno inmediato e na paisaxe.*
- d) As construcións deberán presentar todos os seus paramentos exteriores e cubertas totalmente terminados.*
- e) Queda prohibida a publicidade estática que polas súas dimensións, localización ou colorido non cumpra as anteriores prescricións.*

*Por outra banda, cómpre lembrar a obriga da plantación de arboredo ou especies vexetais en, polo menos, a metade da superficie da parcela, ou nun terzo dela cando se trate de infraestruturas de tratamento ou depuración de augas, segundo establece o artigo 39.d.7 da LSG e 61.7 do Decreto 143/2016 do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da LSG, de xeito que se atenúe o impacto visual da construción.*

*De acordo có artigo Artigo 357, Resolución, do RLSG, “Será requisito indispensable en todas as obras dispor, xunto á obra, de copia autorizada da licenza municipal, e nas obras maiores a colocación do cartel (<http://silleda.es/concelleria-de-urbanismo-medio-ambiente-obras-e-servizos/urbanismo/modelo-cartel-de-obra/>) indicador en que se faga constar o nome e apelidos das persoas técnicas e directoras e da persoa contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai a destinar a construción, data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente”.*

Visto o informe da Secretaria da Corporación, de data 05 de outubro 2022 que sinala: *“infórmase favorablemente a concesión da licenza, debéndose proceder a conceder a licenza de obras solicitada con suxeición ás condicións xerais establecidas na lexislación vixente e especiais que se indican no informe dos servizos técnicos.”*

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das competencias delegadas polo Alcalde na resolución do 20 de xuño de 2019, ACORDA:

**PRIMEIRO.-** Conceder a SILLEDA JARDÍN CONSTRUCCIONES 2005 SL, a licenza de obras solicitada para Ampliación de vivenda unifamiliar tradicional mediante cobertizo adosado á vivenda, no Lugar do Marco s/n, Siador, Silleda, parcela con referencia catastral 36052N501053240000IU, segundo o sinalado no informe do Arquitecto Técnico Municipal, de data 30 de setembro de 2022 anteriormente mencionado.



SEGUNDO.- Notificar o presente acordo ao interesado.

**Expediente 1184/2021. Solicitud de Licenza ou Autorización Urbanística.**

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

**Inclusión por urxencia Expediente 1184/2021**

Toma a palabra o Sr. Presidente, para explicar a urxencia da proposición incluída na orde do día da presente Xunta de Goberno Local.

De conformidade co disposto no artigo 91.4 do RD 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, sométese a votación a urxencia da inclusión na orde do día do presente asunto co seguinte resultado:

Votos a favor: unanimidade

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos membros presentes, ACORDA prestar aprobación a inclusión da presente proposición na orde do día da Xunta de Goberno de data 06 de outubro de 2022.

**Expediente 1184/2021. Solicitud de Licenza ou Autorización Urbanística.**

Vista da solicitude presentada por Ivan Fernández Iglesias, con R.E. 2021-E-RE-536 de 21 de xuño de 2021, de solicitude de licenza de obra maior para a execución da obra: Rehabilitación vivenda unifamiliar (proxecto básico e de execución) en Siador nº 17, Siador, Silleda, parcela con referencia catastral 36052N501850980000IH

Visto o informe emitido polo Arquitecto Municipal en data 30 de setembro de 2022 que sinala: *“INFORMA FAVORABLEMENTE a solicitude de concesión da licenza de Rehabilitación de vivenda unifamiliar solicitada, dende o punto de vista técnico, e propónse para a concesión de licencia municipal de obra, con arreglo ás limitacións que se establecen neste informe técnico e nos informes sectoriais sinalados nos puntos 27 e 28 deste informe e que constan no expediente 1184/2021.*

*Faise constar que o artigo 91 “Adaptación ao ambiente e protección da paisaxe” da LSG, establece o seguinte:*

*c) A tipoloxía das construcións e os materiais e as cores empregados deberán favorecer a integración no contorno inmediato e na paisaxe.*

*d) As construcións deberán presentar todos os seus paramentos exteriores e cubertas totalmente terminados.*

*e) Queda prohibida a publicidade estática que polas súas dimensións, localización ou colorido non cumpra as anteriores prescricións.*



Por outra banda, cómpre lembrar a obriga da plantación de arboredo ou especies vexetais en, polo menos, a metade da superficie da parcela, ou nun terzo dela cando se trate de infraestruturas de tratamento ou depuración de augas, segundo establece o artigo 39.d.7 da LSG e 61.7 do Decreto 143/2016 do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da LSG, de xeito que se atenúe o impacto visual da construción.

De acordo có artigo Artigo 357, Resolución, do RLSG, "Será requisito indispensable en todas as obras dispor, xunto á obra, de copia autorizada da licenza municipal, e nas obras maiores a colocación do cartel (<http://silleda.es/concelleria-de-urbanismo-medio-ambiente-obras-e-servizos/urbanismo/modelo-cartel-de-obra/>) indicador en que se faga constar o nome e apelidos das persoas técnicas e directoras e da persoa contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai a destinar a construción, data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente".

Visto que no mencionado informe do Arquitecto Municipal, en relación a valoración da obra, sinalase:

26. De acordo coa valoración levada a cabo polos servizos técnicos municipais, considérase inexacto o orzamento que figura na memoria técnica. Aplicando os módulos básicos do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia do ano 2010, de 520,00 €/m<sup>2</sup>, para un coeficiente de tipo edificatorio, ct, e un coeficiente de tipo de uso cu, multiplicado por 0,9 como corresponde ao Concello de Silleda, obtéñense

os valores que se indican a continuación:

**Cálculo de presuposto de execución material**

	nº	Sup.	€/m <sup>2</sup>	Tipo de obra	C <sub>1</sub>	Tipo de uso	C <sub>u</sub>	C <sub>g</sub>	
Planta Baixa	1	110,00	520	Adecuación interior de plantas baixas e entreplantas. Rehabilitación integral do edificio conservando exclusivamente as fachadas	1	Vivenda	1,1	0,9	56.628,00 €
Planta Primeira	1	70,50	520	Adecuación interior de plantas baixas e entreplantas. Rehabilitación integral do edificio conservando exclusivamente as fachadas	1	Vivenda	1,1	0,9	36.293,40 €
Anexo Garaxe	1	99,70	520	Adecuación interior de plantas baixas e entreplantas. Rehabilitación integral do edificio conservando exclusivamente as fachadas	1	Garaxes e Aparcamientos	0,4	0,9	18.663,84 €
Anexo Alpendre	1	134,75	520	Adecuación interior de plantas baixas e entreplantas. Rehabilitación integral do edificio	1	Garaxes e Aparcamientos	0,4	0,9	25.225,20 €

Planta cuarta		conservando exclusivamente as fachadas		Usos da edificación	0,9
Planta quinta		Tipo edificatorio	1,1	Usos da edificación	0,9
<b>TOTAL</b>	<b>414,95m<sup>2</sup></b>			<b>PEM</b>	<b>136.810,44 €</b>
<b>Taxas</b>					
ICIO	2,25% de		136.810,44 €		3.078,23 €
Informe técnico					60,00 €
				<b>TAXA</b>	<b>3.138,23 €</b>

Visto o informe da Secretaria da Corporación, de data 05 de outubro 2022 que sinala: *“infórmase favorablemente a concesión da licenza, debéndose proceder a conceder a licenza de obras solicitada con suxeición ás condicións xerais establecidas na lexislación vixente e especiais que se indican no informe dos servizos técnicos e nos informes sectoriais.”*

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das competencias delegadas polo Alcalde na resolución do 20 de xuño de 2019, ACORDA:

PRIMEIRO.- Conceder a IVAN FERNÁNDEZ IGLESIAS, a licenza de obras solicitada para Rehabilitación vivenda unifamiliar en Siador nº 17, Siador, Silleda, parcela con referencia catastral 36052N501850980000IH, segundo o sinalado no informe do Arquitecto Técnico Municipal, de data 30 de setembro de 2022 anteriormente mencionado.

SEGUNDO.- Aprobar a liquidación da taxa por outorgamento da licenza por importe de 3.138,23 euros, dos cales o importe de 2.276,10 € foron ingresados mediante autoliquidación en data 04 de febreiro de 2022.

TERCEIRO.- Notificar o presente acordo ao interesado.

### B) ACTIVIDADE DE CONTROL

Non hai asuntos

### C) ROGOS E PREGUNTAS

Non hai asuntos

### DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE

**Concello de Silleda**